

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**19266** *REAL DECRETO LEI 6/2002, do 4 de outubro, polo que se autoriza o ministro de Facenda para celebrar acordos transaccionais entre o Estado español, o Fondo Internacional de Indemnización de Danos Debidos á Contaminación por Hidrocarburos de 1971 e os prexudicados polo sinistro do buque «Mar Exeo», e se concede un crédito extraordinario por importe de 63.625.721,36 euros.* («BOE» 239, do 5-10-2002.)

O buque de bandeira grega «Aegean Sea» sufriu un sinistro na Coruña o 3 de decembro de 1992, producíndose o derrame dunhas 80.000 toneladas de petróleo. Os afectados iniciaron dilixencias penais, que deron lugar a que o Xulgado do Penal número 2 da Coruña, o 30 de abril de 1996, e a Audiencia Provincial da Coruña, o 18 de xuño de 1997, dictaran sentencias condenando o capitán do buque «Mar Exeo» e o práctico do porto da Coruña como directa e solidariamente responsables do sinistro a indemniza-los prexudicados. Así mesmo, declaraban que o UK Club Asegurador («United Kingdom Mutual Steanship Assurance Association») e o Fondo Internacional de Indemnización de Danos Debidos á Contaminación por Hidrocarburos de 1971 (FIDAC) eran responsables dos danos causados polo sinistro e que esta responsabilidade era solidaria. Por último, condenaban o propietario do «Mar Exeo» («Aegean Sea Traders Corporation») e o Estado español como responsables civís subsidiarios do capitán e do práctico do porto.

Na sentenza penal fíxanse as cifras concretas de indemnización a favor de certos reclamantes, pero na maior parte dos casos déixase a determinación da responsabilidade civil derivada do delicto á fase de execución de sentenza. Ademais, outros afectados reservaron as súas accións indemnizatorias para as exercer, unha vez concluído o proceso penal, ante a xurisdicción civil. Así, no momento presente, transcorridos dez anos, non só non se cuantificaron as responsabilidades civís senón que nin sequera resulta posible predici-lo final do proceso.

A cantidade reclamada no seu día polos afectados ascende a 47.080.935.550 pesetas de 1992. O FIDAC, o propietario do barco e o Club Asegurador UK teñen un límite de indemnización máximo conxunto que ascende a 57.177.127 euros, conforme os convenios internacionais aplicables. Pola súa parte, o Estado español non ten ningún límite de responsabilidade.

Os efectos do naufraxio trataron de paliarse mediante certos préstamos concedidos polo ICO, a partir de 1993 e ata 1998, préstamos cun principal que ascendeu en total a 12.328.681.637 pesetas (74.096.868,95 euros).

Posteriormente, o FIDAC, o UK Club e o propietario do «Aegean Sea» ofrecéronlle ó Estado español chegar a un acordo extraxudicial para poñer fin ás controversias

xurridas na execución da sentenza e nas reclamacións civís pendentes, comprometéndose o FIDAC a lle aboar ó Estado español 38.386.171,99 euros, que complementarían os 15.704.917,40 euros xa aboados, ata totalizar un importe de 54.091.089,39 euros, próximo ó seu límite máximo de responsabilidade de 57.177.127 euros.

Ademais, recentemente, chegouse a un principio de acordo sobre a indemnización a recibir agora coa maioría dos representantes dos afectados, que permiten concluí-los procesos pendentes en termos satisfactorios para tódalas partes, sobre a base dos danos producidos no seu día, valorados polas administracións ou organismos públicos españois ou polo FIDAC, actualizados ó 37,5 por 100, deducindo as cantidades xa aboadas polo FIDAC, actualizadas ó 16,5 por 100, e o principal dos créditos outorgados polo Instituto de Crédito Oficial, actualizados ó 9,2 por 100, e engadindo os xuros pagados ó ICO, actualizados ó 9,2 por 100.

Por iso, o Goberno considera non só necesario senón tamén urxente acudir ó instrumento do real decreto lei, dado que son xa insostibles as precarias situacións económicas e sociais xeradas para moitos dos damnificados, tendo en conta o tempo transcorrido desde o sinistro, dez anos, o gran número de afectados e o feito de estes se encontraren obrigados na actualidade a satisfacer ó ICO xuros polos préstamos recibidos deste, polo que non parece adecuado continua-la execución da sentenza (que podería demorarse durante outro longo período de tempo) sen esgotar previamente as posibilidades de acadar un acordo extraxudicial, e considerando ademais que desde un punto de vista xurídico a transacción constitúe o medio idóneo para lle poñer fin a un proceso complexo, dilatado no tempo, que permite a tódalas partes, con intereses contrapostos, beneficiarse da seguridade xurídica que se obtén por medio da transacción mediante concesións ou sacrificios recíprocos.

Para estes efectos, este real decreto lei autoriza a realización da transacción que vai levar a cabo o Goberno, a través do Ministerio de Facenda, para compensa-las reclamacións indemnizatorias que se encontran pendentes na actualidade na vía civil ou de execución penal.

Isto determina a aprobación dun crédito extraordinario para atende-lo pagamento das indicadas indemnizacións.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución Española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, e do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado en pleno e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de outubro de 2002,

### DISPOÑO :

Artigo 1. *Convenio co FIDAC, UK Club e propietario do «Aegean Sea».*

Autorízase o ministro de Facenda para que, en nome do Estado español, asine o acordo co Fondo Internacional de Indemnización de Danos Debidos á Contaminación

por Hidrocarburos de 1971 (FIDAC), UK Club e o propietario do buque «Aegean Sea», polo que o FIDAC se comprometa a lle aboar ó Estado español 38.386.171,99 euros, a cambio de que o Estado español, como interlocutor dos reclamantes, se comprometa a indemniza-los danos e perdas sufridos por estes.

Os termos do dito acordo son esencialmente os seguintes:

a) O Estado español comprométese a indemniza-lo total dos danos e perdas sufridos por tódolos reclamantes que figuran no anexo 1 do acordo, que son tamén os que constan no anexo deste real decreto lei.

b) O Estado español comprométese a indemnizar a todos e cada un dos prexudicados que obteñan unha resolución xudicial final ou executable dun xulgado ou tribunal español ó seu favor que condene o propietario, o UK Club ou o FIDAC ó pagamento de calquera indemnización como resultado do sinistro.

c) O FIDAC libera o Estado español de calquera tipo de responsabilidade derivada do exercicio de accións dos prexudicados indicados no anexo 2 do acordo, as reclamacións dos cales non se inclúen entre as que son obxecto da transacción entre o Estado español e o FIDAC.

d) O propietario, o UK Club e o FIDAC renuncian a calquera acción de recobrimento contra o Estado español á que puidesen ter dereito como resultado da distribución de responsabilidades fixadas pola Audiencia Provincial da Coruña na sentenza do 18 de xuño de 1997.

#### Artigo 2. *Convenios cos damnificados.*

Así mesmo, autorízase o ministro de Facenda a subscribir cos damnificados que o acepten acordos transaccionais individuais polos que estes renuncien a tódalas accións xudiciais en vía civil ou penal e a calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivadas do sinistro do buque «Mar Exeo», percibindo, como contrapartida da dita renuncia, as cantidades individuais que figuran no anexo deste real decreto lei, fixándose como límite para o aboamento ós damnificados a cantidade global máxima de 63.625.721,36 euros.

Os termos dos ditos acordos transaccionais individuais serán esencialmente os seguintes:

a) O Estado español, o Instituto de Crédito Oficial e cada un dos damnificados proceden á execución extraxudicial da sentenza do Xulgado do Penal número 2 da Coruña do 30 de abril de 1996 ou poñen fin ós procesos xudiciais que se seguen nos xulgados de primeira instancia con relación ó sinistro do buque «Mar Exeo».

b) Os damnificados aceptan como avaliación dos seus danos por tódolos conceptos as valoracións e a súa actualización, que se conteñen no anexo deste real decreto lei, e, se é o caso, unha vez descontadas as cantidades anticipadas polo FIDAC e compensados os principais dos créditos concedidos polo Instituto de Crédito Oficial e sumados os xuros aboados ó dito instituto polos damnificados, aceptan tamén as cantidades finais que lles corresponde percibir fixadas no mesmo anexo do real decreto lei. No caso de existiren xuros pagados ó Instituto de Crédito Oficial con posterioridade ó 31

de decembro de 2001, serán devolvidos polo seu valor nominal ós damnificados que xustifiquen o devandito pagamento ó mencionado instituto.

c) Os damnificados desisten de forma irrevogable e incondicional de calquera acción, recurso ou instancia pendente de resolución xudicial, renunciando, así mesmo, a iniciar no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación, xudicial ou extraxudicial, contra o Estado español, FIDAC, UK Club, «Aegean Sea, Traders Corporation», capitán e práctico, relativos ó sinistro do buque «Mar Exeo».

d) O Instituto de Crédito Oficial comprométese a outorga-la correspondente carta de pagamento polos principais e os xuros non pagados dos préstamos concedidos no seu día por razón do sinistro.

e) A eficacia destes acordos individuais queda condicionada a que o FIDAC lle aboe ó Estado español 38.386.171,99 euros.

#### Artigo 3. *Crédito extraordinario.*

Para atende-las obrigas que se deriven do disposto neste real decreto lei concédese un crédito extraordinario ó orzamento en vigor da sección 15: «Ministerio de Facenda»; servizo 01: «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais»; programa 611A: «Dirección e Servizos Xerais de Economía e Facenda»; capítulo 4: «Transferencias correntes»; artigo 48: «A familias e institucións sen fins de lucro»; concepto 480: «Para pagamento de indemnizacións motivadas polo sinistro do buque "Mar Exeo"», por importe de 63.625.721,36 euros.

#### Artigo 4. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que é aprobado por este real decreto lei financiarase coa achega do FIDAC, por importe de 38.386.171,99 euros, e con débeda pública, de conformidade co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, por importe de 25.239.549,37 euros.

O remanente que presente o indicado crédito extraordinario ó finaliza-lo exercicio de 2002 poderá incorporarse ó exercicio seguinte, por acordo do ministro de Facenda.

#### Disposición derradeira primeira. *Disposicións de desenvolvemento.*

Os ministerios de Facendo e de Economía poderán dispoñer-las medidas oportunas para lle dar cumprimento ó disposto neste real decreto lei.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## ANEXO

	Reclamante	Reclamación ó Fidiac (Pias) (1)	Valoración proposta (2)	Valoración actualizada (3)	Pagado por Fidiac (4)	Pagado por Fidiac actualizado (5)	Principal préstamos ICO (6)	Principal préstamos ICO actualizado (7)	Debido (8) = [3-(+7)]	Xuros pagados a ICO actualizados (9)	Total a aboar pasetas (10) = 8+9	Total a aboar euros (11) = 8+9
	Procedimientos Civiles											
1	329 Maria Montero Sabih	64.324.250	18.654.750	26.062.781	-	-	15.294.660	16.701.769	9.361.013	773.203	10.134.216	60.907.86
2	330 Iscaser, S.A.	8.528.500	7.669.000	10.619.875	-	-	3.787.888	4.136.375	6.683.600	376.503	7.060.003	42.131,47
3	331 Norte Sur S.A.	96.976.097	20.952.117	28.809.161	-	-	16.906.343	16.461.727	10.347.434	1.680.437	12.027.871	72.286,96
4	332 Ramon Bado Bastida	69.675.700	22.668.200	31.086.275	-	-	15.385.559	15.801.030	14.285.245	1.529.278	15.814.523	95.047,20
5	333 Maria del Carmen Rodriguez Gomez y Jose Barbosa Perez	14.000.000	1.882.866	2.728.441	-	-	1.599.983	1.747.181	979.259	84.503	1.063.762	6.393,34
6	334 Salvador Gruero Paz	45.935.000	19.804.026	27.230.536	938.000	1.080.440	15.224.683	16.625.354	9.514.742	925.671	10.440.413	62.745,15
7	335 Calltran S.A.	75.250.000	57.790.956	79.462.565	-	-	46.631.745	50.921.866	28.540.699	4.635.062	33.175.751	199.390,28
8	336 Manuel Vidal Rey y otros	11.500.000	5.330.264	7.329.113	-	-	4.301.012	4.696.705	2.632.408	432.851	3.065.259	18.422,58
9	337 Cooculmar	93.199.400	71.748.426	98.654.086	8.121.000	9.460.965	51.341.216	55.064.608	33.128.513	4.291.400	37.419.913	224.898,21
10	338 Francisco Lopez Silva	57.412.912	26.096.778	35.883.070	-	-	21.057.591	22.994.889	12.888.180	2.093.540	14.981.720	90.041,95
11	339 Felicia Guilian Barreiro, Antonio Babio Guilian y Emilio Babio Guilian	14.339.532	14.228.458	19.564.130	-	-	11.480.998	12.537.250	7.026.860	1.144.936	8.171.816	49.113,80
12	340 J.J. Chicollino S.A.	52.692.156	7.800.671	10.725.923	-	-	-	-	10.725.923	-	10.725.923	64.464,10
13	341 Rosa Pradera Golpe	96.900.400	60.626.600	110.661.850	-	-	65.056.076	71.043.419	39.816.431	3.289.486	43.107.917	259.093,80
14	342 Salmo Salar Galicia S.L.	91.664.619	17.848.000	24.541.000	-	-	14.401.620	15.726.569	8.814.431	257.822	9.072.253	54.525,34
15	343 Gervasio y Santiago Garcia Lafuente	470.614.318	118.761.400	163.296.925	-	-	95.629.032	104.645.303	58.651.622	9.534.371	68.185.993	409.806,07
16	344 Jose Garcia Abella y otro	222.162.340	66.844.250	91.910.844	-	-	53.936.884	58.899.077	33.011.766	5.364.855	38.376.621	230.648,14
17	345 Isidro de la Cal Fresco S.A.	240.147.908	81.267.100	111.742.263	-	-	52.899.770	68.686.549	43.055.714	6.252.040	49.307.754	296.345,57
18	346 Roberto Pernas Bouteira	834.024.200	298.405.000	410.306.875	-	-	240.784.144	262.936.285	147.370.590	12.172.556	159.543.146	958.873,62

		Reclamante	Reclamación ó Fídac (Pías) (1)	Valoración proposta (2)	Valoración actualizada (3)	Pagado por Fídac (4)	Pagado por Fídac actualizado (5)	Principal préstamos ICO (6)	Principal préstamos ICO actualizado (7)	Debitado (8) = (3)-(7)	Xuros pagados a ICO actualizados (9)	Total a aboar pesetas (10) = 8+9	Total a aboar euros (11) = 8+9
19	346	Herederos de Ricardo Pemas Ramos.	27.176.550	10.645.750	14.637.906	-	-	-	-	14.637.906	-	14.637.906	87.975,59
20	347	Ramon Pose e Hijos S.L.	194.598.124	178.475.000	245.403.125	-	-	144.012.184	157.261.283	86.141.842	14.314.362	102.456.204	615.774,19
21	352	Aquidoro S.L.	892.296.861	685.800.000	942.975.000	32.000.000	37.280.000	527.553.738	576.098.662	329.606.318	26.845.957	356.252.275	2.141.119,29
22	353	Depuradora de Mariscos de Suevo S.A. (Demarsusa)	295.698.759	198.275.628	272.628.969	22.660.000	26.398.900	141.704.926	154.741.779	91.488.309	7.156.702	98.645.011	592.866,46
23	354	Cultivos y Mariscos Puente del Pasaje S.L.	488.772.361	175.386.000	241.169.500	-	-	141.527.709	154.548.258	86.621.242	14.250.036	100.871.278	606.248,59
24	355	María de los Reyes Pineiro Gonzalez y otra S.C.	188.554.787	69.997.000	96.245.875	-	-	56.480.849	61.677.087	34.566.788	2.855.571	37.424.359	224.924,93
25	356	Juan Manuel Mari Solera	220.020.193	21.760.000	29.920.000	2.126.013	2.476.805	17.558.229	19.173.566	8.269.609	652.421	9.122.030	54.824,50
26	357	Groense de Mejiñones S.A.	66.150.000	2.598.400	3.572.800	-	-	-	-	3.572.800	-	3.572.800	21.472,96
27	358	Moreñiña S.A.	69.806.648	14.346.000	19.725.750	-	-	11.575.843	12.640.821	7.084.929	-	7.084.929	42.561,28
28	359	Francisco Caridad Yanez y Otros	240.952.277	88.168.870	121.232.196	-	-	57.318.940	62.592.282	59.639.914	5.755.656	64.395.570	387.025,17
29	360	Pescados Mar de Galicia S.A. (- parte de Cofradía de Sada)	93.412.713	70.588.000	97.072.250	4.822.045	5.617.682	53.074.871	57.957.759	33.496.808	-	33.496.808	201.319,87
30	361	Chono S.L., Amador Souto S.L. y Otros (Cofradía de Sada)	1.097.059.736	362.215.904	498.046.868	61.055.868	71.130.096	251.604.290	274.751.865	152.164.897	13.118.701	165.283.598	993.374,43
31	362	Organización de Productores de Mejiñon de Arosa	508.219.896	272.384.096	374.528.132	-	-	219.767.776	240.008.251	134.519.881	10.492.452	145.012.333	871.541,67
32	363	Jose Rey Pena	30.185.000	5.804.000	7.980.500	-	-	4.663.270	5.114.131	2.665.369	465.554	3.331.923	20.025,26

	Reclamante	Reclamación ó Fidac (Plas) (1)	Valoración proposta (2)	Valoración actualizada (3)	Pagado por Fidac (4)	Pagado por Fidac actualizado (5)	Principal préstamos ICO (6)	Principal préstamos ICO actualizado (7)	Debido (8) = (3)-(4+7)	Xuros pagados a ICO actualizados (9)	Total a aboar pesetas (10) = 8+9	Total a aboar euros (11) = 8+9
33	364	Jose Ramon Docampo Garcia	13.753.241	18.910.708	-	-	8.246.558	9.005.241	9.905.465	90.640	9.996.105	60.077,80
34	365	Garemar S.L.	43.416.634	59.698.147	2.445.519	2.849.030	33.059.912	36.101.424	20.747.693	1.580.542	22.328.235	134.195,40
35	366	Angel Maria Otamendi Busto	83.577.001	128.668.376	-	-	-	-	128.668.376	-	128.668.376	773.312,51
36	367	Manuela Perez Laiuente	825.000	1.134.375	-	-	665.695	728.939	407.436	64.518	471.954	2.836,50
37	368	Osiras de Ares S.A.	74.090.784	101.874.828	7.736.000	9.012.440	53.541.932	58.487.790	34.394.598	2.707.813	37.102.411	222.999,88
38	369	Policarpo Manso Varela	11.615.949	15.971.930	-	-	6.257.297	6.832.968	9.138.962	624.022	9.762.984	58.676,72
39	370	Maria del Carmen Vazquez Seoane	14.976.360	20.592.481	-	-	12.084.475	13.196.247	7.396.235	1.204.129	8.600.364	51.669,23
40	371	Francisco Aurelio Lopez Saavedra	50.282.434	69.138.347	6.501.000	7.573.665	35.327.408	38.577.530	22.987.152	1.786.643	24.773.795	148.893,51
41	372	Manuel Romalde Rodriguez	352.490.362	484.674.248	74.135.294	86.367.518	205.893.632	224.836.065	173.470.566	20.486.476	193.957.042	1.165.705,30
42	373	Francisco Garcia Rios y Otros	3.665.741	5.040.394	-	-	1.107.788	1.209.715	3.830.678	-	3.830.678	23.022,84
43	374	Rafael Sanchez Rodriguez	1.828.535	2.514.236	-	-	1.466.288	1.601.186	913.049	77.918	990.967	5.955,83
44	375	Juan Fernandez Arevalo	149.500.000	204.187.500	-	-	119.825.222	130.849.142	73.338.358	-	73.338.358	440.772,41
45	376	Pescadoiro S. A.	314.853.581	432.923.674	-	-	254.056.587	277.426.771	155.493.903	-	155.493.903	934.537,18
46	377	Coreisa Servicos S.A.	361.321.710	496.817.351	-	-	291.551.880	318.374.653	178.442.698	28.979.352	207.422.050	1.246.631,63
47	378	Pecas de Cullivos Marinos S.A. (Pecumar)	614.297.814	844.659.494	-	-	495.679.271	541.281.764	303.377.730	48.268.980	352.646.710	2.119.449,41
48	379	Granjas Marinas la Palma S.A.	54.574.771	75.040.310	3.681.089	4.283.469	41.066.308	44.844.408	25.907.433	826.358	26.533.791	159.471,30

u

		Reclamación ó Fideic (Plas) (1)	Valoración proposita (2)	Valoración actualizada (3)	Pagado por Fideic (4)	Pagado por Fideic actualizado (5)	Principal préstamos ICO (6)	Principal préstamos ICO actualizado (7)	Debito (8) = [3-(+7)]	Xuros pagados a ICO actualizados (9)	Total a aboar pesetas (10) = 8+9	Total a aboar euros (11) = 8+9
49	380	Maderas Riveiro S.L. Cimpor Investimentos S.G.P.S., S.A.	19.682.774	27.063.614	-	-	15.882.106	17.343.260	9.720.554	-	9.720.554	58.421,71
50	381	(Norafish)	714.235.000	982.073.125	-	-	576.318.973	629.340.319	352.732.806	29.133.507	381.866.313	2.295.062,76
51	382	Mariscos y Pescados Sande S.L.	7.305.000	10.044.375	2.922.000	3.404.130	3.595.659	3.862.032	2.778.213	351.657	3.129.870	18.810,90
52	383	Antonio Ribboo Lopez	20.835.062	5.315.600	-	-	4.288.178	4.663.782	2.625.168	426.860	3.052.028	18.343,06
53	384	Unigal Erizos de Galicia S.A.	5.268.201	7.230.028	-	-	-	-	7.230.028	-	7.230.028	43.453,33
54	385	Jose Luis Castillon Martinez	233.615.500	321.221.313	3.875.000	4.514.375	185.378.494	202.433.315	114.273.622	9.372.415	123.646.037	743.127,65
55	386	Asociacion de Productores Mejilloneros de Cabo de Cruz	10.478.496	14.407.932	-	-	-	-	14.407.932	-	14.407.932	86.593,42
56	387	S.A.	4.312.225	5.929.309	-	-	3.469.551	3.788.750	2.140.560	352.640	2.493.200	14.994,43
57	388	Constantino Pinto Villasante	2.131.630	2.930.991	-	-	-	-	2.930.991	-	2.930.991	17.615,61
58	391	Mejilloneros del Norte, S.A. (Mejinsa)	271.734.324	373.634.696	22.100.000	25.746.500	201.430.899	219.962.541	127.925.655	-	127.925.655	768.848,67
59	392	Depuradora de Mariscos de Lorbe, S.A. (Demarlose)	2.196.816.032	3.020.622.044	54.851.000	63.901.415	1.728.359.836	1.887.368.941	1.069.351.688	-	1.069.351.688	6.426.933,08
60	393	Promotora Industrial Sadense, S.A. (Proinse)	3.588.457.915	4.934.129.633	251.851.000	293.406.415	2.438.434.668	2.662.770.657	1.977.952.561	-	1.977.952.561	11.887.734,31
61	394	Boitomar S.A. Carmen Illanes	20.500.000	28.187.500	-	-	16.541.529	18.063.350	10.124.150	-	10.124.150	60.847,37
62	395	Reinundez y Otros Amaradores Puerto de	47.085.542	64.742.620	-	-	3.978.569	4.344.619	60.398.001	404.374	60.802.375	365.420,63
63	396	La Coruña S.L.	1.926.068	2.646.344	-	-	1.554.152	1.697.134	951.210	155.116	1.106.326	6.649,15

	Reclamante	Reclamación ó Fiac (Pias) (1)	Valoración proposta (2)	Valoración actualizada (3)	Pagado por Fiac (4)	Pagado por Fiac actualizado (5)	Principal préstamos ICO (6)	Principal préstamos ICO actualizado (7)	Debido (8) = [3-(+7)]	Xuros pagados a ICO actualizados (9)	Total a aboar pesetas (10) = 8+9	Total a aboar euros (11) = 8+9
64	457	Enemasa	470.614.318	292.264.431	-	-	171.512.215	187.291.339	104.873.092	17.049.749	122.022.841	733.372,04
65		Ecolmare Iberica S.A.	42.295.609	58.156.462	32.279.109	37.605.162	-	-	20.551.300	-	20.551.300	123.515,80
66		Remolques Marifinos S.A.	370.926.686	291.422.222	-	-	-	-	291.422.222	-	291.422.222	1.751.482,83
67		Servicios Auxiliares de Puertos, S.A. (Sertosa)	198.440.814	179.793.086	-	-	-	-	179.793.086	-	179.793.086	1.080.578,21
68		OOPP Mariscos y Cultivos Marinos de Valdiviño	166.700.000	69.405.722	10.066.000	11.729.220	-	-	57.676.502	-	57.676.502	346.642,76
69		UK Cub Medidas Preventivas	1.164.651.287	708.032.614	-	-	-	-	-	-	-	-
Procedimiento Penal												
70		Administración Central del Estado Español	1.154.500.000	460.234.448	1.817.454	-	-	-	-	-	-	-
71		Xunta de Galicia	750.833.772	337.338.323	-	-	-	-	337.338.323	-	337.338.323	2.027.444,15
72		Ayuntamiento de La Coruña	690.000.000	33.387.083	9.712.606	11.315.186	-	-	22.071.897	-	22.071.897	132.654,77
73		Ayuntamiento de Culleredo	50.000.000	4.125.000	1.200.000	1.396.000	-	-	2.727.000	-	2.727.000	16.389,60
74		Ayuntamiento de Oleiros	1.303.158.734	30.644.784	-	-	-	-	42.136.578	-	42.136.578	253.245,93
75		Alpompox S.A.	81.037.735	20.000.000	8.000.000	9.320.000	-	-	18.180.000	-	18.180.000	109.264
76		Daniel Fdez Rios y otros (Cofradía Loybé)	95.400.000	130.669.601	-	-	65.969.666	72.038.864	58.630.737	3.170.310	61.801.047	371.431,77
77		Vicenla Suárez Fernandez y otros	58.347.664	34.318.687	1.503.627	1.751.725	-	-	32.565.961	-	32.565.961	195.731,39
78		Enrique Martinez Garcia	354.435.349	291.462.335	25.891.538	30.163.642	139.814.308	152.677.222	108.621.472	13.897.104	122.518.576	736.351,47
79		Union Industrial Marisquera S.L. (Unimar)	23.588.701	19.397.664	7.767.462	9.049.093	9.401.393	10.288.321	82.250	934.469	1.016.719	6.110,61

u

	Reclamante	Reclamación ó Fideic (Pias) (1)	Valoración proposta (2)	Valoración actualizada (3)	Pagado por Fideic (4)	Pagado por Fideic actualizado (5)	Principal préstamos ICO (6)	Principal préstamos ICO actualizado (7)	Devido (8) = (3-(-7))	Xuros pagados a ICO actualizados (9)	Total a aboar pesetas (10) = 8+9	Total a aboar euros (11) = 8+9
80	Depuradora Mariscos Conifesa (Demarcosa)	77.011.915	60.545.562	83.250.148	9.048.728	10.541.768	10.951.851	11.959.421	60.748.959	1.041.275	61.790.234	371.387
81	Carcaveiro Mar, S.L.	102.683.152	80.727.888	111.000.845	9.048.728	10.541.768	-	-	100.459.077	-	100.459.077	603.771
82	Mexlor	416.842.506	307.027.638	422.163.002	122.811.065	143.074.879	184.000.000	200.928.000	78.150.123	15.079.108	93.239.231	560.379,06
83	Cofradía de Cedeira y otras	9.713.398.652	3.612.222.852	4.866.806.422	630.989.987	735.114.997	2.369.653.211	2.567.988.906	1.643.702.519	125.912.463	1.769.614.982	10.635.600,24
84	Jose Abeledo Freire y otros	420.000.000	31.100.038	42.762.552	-	-	-	-	42.762.552	-	42.762.552	257.008,11
85	Cofradía de Pescadores de Ferrol	2.492.422.000	397.408.372	546.436.512	78.000.000	90.870.000	275.270.119	300.594.970	154.971.542	12.146.784	167.118.326	1.004.401,37
86	Assoc. de Mariscadores de la Punta de La Barra al Punte del Burgo	1.418.209.000	122.630.019	168.616.276	-	-	-	-	168.616.276	-	168.616.276	1.013.404,23
87	Ramon Rafales Colos (Pescadores Ferrol)	79.085.600	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
88	Teresa Carnero Romero y otros	99.057.200	13.924.989	18.146.860	-	-	-	-	19.146.860	-	19.146.860	115.074,95
89	Repsol Petroleo (Operaciones de limpieza)	317.512.767	263.592.413	-	263.592.413	-	-	-	-	-	-	-
90	Repsol Petroleo (Reclamación de daños a la carga)	1.794.753.072	25.000.000	34.375.000	-	-	-	-	34.375.000	-	34.375.000	206.597,91
91	Para abono intereses pagados a ICO después 31-12-01	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	60.101,21
92	Para pago intereses de demora	-	-	-	-	-	-	-	-	-	82.564.377	496.221,90
	<b>TOTAL</b>	<b>47.080.935.550</b>	<b>19.778.120.190</b>	<b>25.226.108.482</b>	<b>1.775.555.545</b>	<b>1.756.994.375</b>	<b>12.328.681.637</b>	<b>13.462.920.347</b>	<b>10.005.193.761</b>	<b>487.671.138</b>	<b>10.385.429.276</b>	<b>63.625.721,36</b>